

Bailador que andas bailando
non poña-lo pé de punta,
i-o cura na confesión-he
por eso non che perghunta.

O cura na confesión-he
mandoum´apartar das nenas
aghora por non pecar-e
deítome cas más pequenas.

Baila, Manueliño, baila
sacude ben os calzóns-e.
¡Quén me dera dentro deles
un ferrado de abellóns-e!
Ai la...

Se queres que vaia e veña,
rapaza, i-ó teu lughar-e
tés que mata-la cadela
que non fai se non ladrar-e.

Se queres que vaia verte
tés que barre-la entrada,
que me pican as espiñas
cando vou de madrughada.
La la la la ai la la la la...

Este pandeiro que toco
éche de coiro d´ovella,
i-onde pacía na braña,
i-hoxe toca que rabea.
/:Ai la la la la.... :/

Anque voy a la Coruña
no voy por ghanar dinero
que voy por ver a mi novio
que tiene cara del cielo.